



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: NOMEAMENTO 1 PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS POR RENUNCIA VOLUNTARIA

### Antecedentes de feito:

Por resolución de alcaldía nº 279/2017 do 02/06/2017 aprobáronse as bases de selección para a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de sete postos de traballo de peóns de limpeza de praias, ao abeiro da Resolución de Presidencia da Deputación da Coruña, nº15833/2017, do 19 de maio (BOP nº96 do 24/05/2017, subvencións correspondentes ao programa de limpeza de praias marítimas 2017).

Vista a Resolución de Alcaldía nº317/2017 do 19 de xuño, polo que se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para as sete prazas de peón de limpeza de praias e na que se convoca aos aspirantes para a realización da proba de fase oposición para o 20 de xuño de 2017 ás 09:00 no campo do Briño, así como a realización da proba de galego o mesmo día na Casa Consistorial.

Vista a acta do tribunal de selección do 20 de xuño de 2017 na que se pon de manifesto o resultado da proba de galego (realizada ese mesmo día no salón de plenos do Concello) e a valoración da proba realizada no campo do Briño adoptada por unanimidade dos membros do tribunal.

Vista a resolución de alcaldía nº 342/2017 do 22/06/2017 do nomeamento de 7 peóns de limpeza de praias onde se lles outorgaba un prazo de 3 días hábiles para presentar a documentación necesaria para a posterior formalización do contrato.

Visto que seis persoas das nomeadas presentaron en tempo e forma a documentación solicitada, e visto a renuncia presentada por D. Jesús Vázquez Ferreiro con RE nº 1855 do día 27/06/2017 na que manifesta que non se lle expide un informe médico que cumpra os requisitos das bases de selección, por estar pendiente dunha resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social.

Visto que, segundo a acta do tribunal de selección de 20 de xuño de 2017, o aspirante seguinte na lista con maior puntuación acadada é Peter Sedlak.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** aceptar a renuncia presentada por D. Jesús Vázquez Ferreiro para a praza de peón de limpeza de praias.

**SEGUNDO:** nomear ao aspirante D. Peter Sedlak como peón de limpeza de praias.

**TERCEIRO:** outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar desta resolución de nomeamento para que o adxudicatario presente a documentación necesaria conforme o establecido na cláusula oitava das bases de selección para a formalización do contrato.

**CUARTO:** publicar na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre e dar traslado a intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)